**[JCCP/MSGN]**

**Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 4 de novembro de 2024**

*(Orzamentos 2025-Deputación Provincial Ourense)*

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 4 de novembro de 2024, ás 16:00 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Raúl Santamaría González
(en substitución de  Gonzalo Trenor López)
(Vicepresidente en funcións)
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Manuel Santos Costa)
(Secretario en funcións)

**Vogais:**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**
Cristina Campero Dorado
(en substitución de Patricia García González)
Juan Manuel Casares Gándara
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Noelia Pérez López
Pablo Javier Prieto Perille
(en substitución de Julio García Comesaña)
Miguel Ángel Viso Diéguez
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**
Secundino Fernández Fernández
(en substitución de  Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Carmela González Iglesias
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
(en substitución de  Óscar Insua Lema)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**
Patricia Iglesias Rey
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
**Grupo Parlamentario Mixto (M):**
Armando Ojea Bouzo
**Comparecente:**
Presidente da Deputación Provincial de Ourense
**Letrado:**
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta reinicia a sesión e rógalle ao secretario en funcións, Víctor Manuel Baladrón Lamas, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar as substitucións. Logo da súa constatación, continúase co desenvolvemento da orde do día obxecto desta reunión.

**Punto único.- Comparecencia do presidente da Deputación Provincial de Ourense**
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
13638 (12/PL-000004)
*Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024*

A presidenta, despois de darlle a benvida ao presidente da Deputación Provincial de Ourense, recorda o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do presidente, por un tempo de 20 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos, e o comparecente, a continuación, disporá doutros 10 minutos para contestar ás cuestións formuladas e rematar a comparecencia.

A continuación, a presidenta concédelle a palabra ao **presidente da Deputación Provincial de Ourense**, **Luís Menor Pérez**, que procede a informar sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes ao ente que preside.

Deseguido, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** e o **señor Ferro Iglesias, José Luís (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Finalmente, o **presidente da Deputación Provincial de Ourense**, **Luís Menor Pérez** contesta ás cuestións expostas polos portavoces, e coa súa intervención péchase a comparecencia.

A Presidencia agradece novamente a presenza do presidente da Deputación Provincial de Ourense nesta Comisión, e lémbralles ás súas señorías que continuarán o xoves, día 7 de novembro, ás 10.00 horas.

Suspéndese a sesión ás 17:25 horas.

*(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)*

**V.º pr.**

**Noa Presas Bergantiños**
**Presidenta da Comisión**

Noa Presas Bergantiños
Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.05 11:56:46 +01'00'

**Víctor Manuel Baladrón Lamas**
**Secretario en funcións da Comisión**

Víctor Baladrón Lamas
Firmado digitalmente por Víctor Baladrón Lamas
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Víctor Baladrón Lamas, email=victor.baladron.lamas@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.05 10:41:49 +01'00'